

## Notas de socioloxía e lingüística a propósito dos batáns de Mosquetín (A Coruña)

As mantas de liño ou de lá, así coma os tecidos destinados a soporta-la chuva e mailo frío precisan, despois de ben limpos e fiados e despois de seren empapados en auga, mazarse moito —función da que se encarga o batán— hastra formar un perfecto conglomerado ou empastamento, coma un feltro. A acción de leva-las mantas ou os tecidos ó batán constitúe a operación final da preparación textil, tras saíren aqueles dos teares.

### *A ubicación dos aparellos: os condicionantes xeográficos*

Os batáns obxecto deste estudio etno-lingüístico están enclavados en plena Terra de Soneira, unha pequena bisbarra da Galicia Occidental, a que circunda o Cabo Fisterra. É unha ampla chaira que se estende ó pé de montes de escasa altitude (Bico de Meda, Monte Castelo, Monte de Borneiro, Monte de San Bartolomeu) dos que case ningún sobrepasa os 500 metros, con abundantes fragas de piñeirais e regachos de augas mainas, que comprende parte dos Concellos de Cabana, Laxe, Vimianzo e Zas. Atravesa a chaira de Leste a Oeste, a unha altitude media de 200 metros, o non moi longo río do Porto (uns 50 kms. de lonxitude), que nace na propia bisbarra —no Bico de Meda— e irá verque-las súas augas á Ría de Camariñas, tras das vilas da Ponte do Porto e Cereixo.

Estes son os lindes naturais da bisbarra: ó Norte, os vales que baixan cara á Ría de Laxe (estuario do Anllóns, o río de Bergantiños) e mailo abrigo de Traba, que mira ó mar aberto acougado detrás dos famosos “penedos” pondaliáns; polo Leste, Bergantiños (despois do Alto da Ferreira) e mais Xallas (tralo Bico de Meda); polo Sur linda tamén coa Meseta xalleira (zona de Baíñas) e polo Oeste co estreito Val de Vimianzo, de paso cara ás terras mais occidentais de Galicia: a Ría de Camariñas e os adentrados promontorios de Touriñán e Fisterra.

A meirande parte da vida económica da bisbarra está centralizada en Baio, vila que dista do lugar de asentamento dos batáns coma uns dous kilómetros. Dende tempos moi antigos esta poboación contou cunha feira importante onde se veñen surtindo os veciños das inmediacións.

A uns dous kilómetros ó Oeste de Baio, na marxe dereita do Río do Porto, está situado o lugar<sup>1</sup> do Mosquetín. Aquí están os aparellos obxecto

<sup>1</sup> Na bisbarra conócese co nome de “lugar” a todo agrupamento poboacional, por moi pequeno que sexa.



deste estudio. Tan só dúas casas labregas —unidade mínima de hábitat— illadas no medio do monte e par do río, que levan unha vida pouco menos que autónoma, compoñen o lugar. Os habitantes destas casas vense na obriga, logo, de contar co máximo de accesorios imprescindibles pró normal desarrollo da vida rural, os que forman o conxunto do “rueiro”: cabanotes, corrais, eira, cabazos...

A Administración relixiosa fixo depender ás xentes deste lugar —os donos dos batáns— da Parroquia de Salto. Salto é un nome abstracto, un mero ente xeográfico pra designar colectivamente ós dez lugares que integran esta extensa freguesía: ningún dos núcleos de poboación observa este nome. Todos estes lugares están situados nun mesmo val —orixinado polo río do Castro—, que desemboca na beira esquerda do río do Porto. Moi importante de facer notar é o feito de que estes núcleos están considerablemente arredados uns dos outros. Por outra parte, extensas fragas de piñeirais contribúen a incrementar estas distancias. A Igrexa Parroquial antiga, que ten de se-lo centro natural de xuntanza dos habitantes dunha mesma freguesía, está situada, precisamente, perto dun dos lugares mais extremos: o do Castro, no fondo do val, no Sur, do que algún dos outros lugares dista uns cinco ou seis kilómetros (O Mosquetín, a súa antípoda, uns sete). Pra subsanar, tal vez, a imposibilidade de traslado dos habitantes dos lugares mais arredados pra cumpriren os deberes relixiosos, erguéronse varias ermidas nalgúns destes sitios periféricos: a da Virxe Peregrina na Lagoa (indo cara a Vimianzo), a uns cinco kilómetros; a de San Antón, de patronato lego, a catro; a de Santa Eirena, a rentes do río, situada entre os lugares da parroquia mais pertos do Mosquetín: Reparada e Señorás<sup>2</sup>. Naturalmente, as dúas familias que moran no Mosquetín tiñan que manter mais relación social cos veciños destes últimos lugares ca cos dos restantes da unidade parroquial. A pesares de todo, inda dista ben uns tres kilómetros de ámbolos dous núcleos. A carretera xeral A Coruña-Fisterra atravesa os téminos parroquiais de Este a Oeste, paralelamente ó curso do río, por entre os lugares de Reparada, Torelo e A Lagoa. Pasa xa dos quince anos que os técnicos da Concentración Parcelaria trocaron a paisaxe do Val así como as comunicacións internas. Dende aquela, unha “pista da parcelaria” —anque sen asfaltar e pedregosa—, une o lugar mais distante (O Castro) cos outros do Val (Reboredo-Cainzadas-O Careixo-Castromil) rematando na carretera xeral por Torelo. Pro hai que ter en conta a modernidade desta vía de penetración e a dificultade da comunicación mutua deste illados núcleos de poboación ó longo de tantos séculos: tan só por tortuosas e intrincadas corredoiras, cheas de lama no inverno.

No ano 1969 construíuse un novo templo, que se ubicou no lugar mais céntrico, Castromil, mais ou menos equidistante de tódolos demáis. Con este feito quedaron arredadas do culto as ermidas periféricas (antes era o

---

<sup>2</sup> No alto dun espigado monte do mesmo nome, hai outra ermida: a de San Bartoloméu. É un típico santuario de romaxe, onde tan só hai función relixiosa o día da festa. Tamén a da Lagoa e a de Santa Eirena son santuarios de ofrezza, coa súa correspondente romería de vran. (Situación dos santuarios e lugares con respecto á Igrexa Parroquial: Fig. 2).



crego o que tiña que desprazarse cada domingo a todas elas pra deci-la Misa), xa que o acceso ó centro rectoral é agora máis doado prós veciños.

(Penso que toda esta longa análise xeográfica hai que tela en conta nas consideracións sociolóxicas e lingüísticas dos illados habitantes do Mosquetín).

Pola Administración civil depende do Concello de Vimianzo, distando uns 8 kms. da cabeceira municipal. Con ela ten unha relación mínima: as imprescindibles visitas pra arranxalos trabucos administrativos.

Aparte dos núcleos poboacionais citados, estas unidades familiares tamén mantiveron (e manteñen) relación frecuente cos lugares e parroquias de Bamiro e Baio, dos que distan dous kilómetros. Poida que fose precisamente coa xente de Baio-Bamiro coa que mantiveron a relación máis continua<sup>3</sup>. Un dos seis lugares da parroquia de Bamiro, o único en contacto coa carretera xeral, A Piroga, forma con Baio —do que só se ve arredado pola ponte sobre o río do Porto— unha soa unidade socioeconómica, xa que non administrativa, nin civil ou eclesiástica: Baio ten parroquia propia e depende do Concello de Zas de Carreira; A Piroga forma parte da freguesía de Bamiro e do Municipio de Vimianzo<sup>4</sup>. A este centro de carácter económico teñen que achegarse os do Mosquetín pra merca-los produtos necesarios prá súa subsistencia. Digno de ter en conta tamén é a feira que se celebra na Piroga dúas veces ó mes (“a feira de Baio”, “o día de Baio”), mercado antiquísimo onde —xa o afirmaba Lucas Labrada en 1804— acoden a surtirse e a vende-los seus produtos os veciños de Soneira<sup>5</sup>.

Tampouco hai que esquecer que estas xentes independentes mantiñan contacto periódico cos clientes que viñan a servirse dos batáns. Ó seren aparellos, como mais adiante aclararei, escasos dabondo en amplias zonas do País, non só tiñan que vir a eles os veciños das distintas parroquias da bisbarra, senón tamén moita xente de lonxe: Bergantiños, Xallas e, aínda, de perto de Noia, por citar algún punto de territorio.

### *A natureza do informante*

Tamén considero importante menciona-la procedencia do meu informador, o patrón bataneiro, home de mais de setenta anos, xa que non é nativo do Mosquetín. O señor Evaristo procede da parroquia de Cundíns, pertencente ó Concello de Cabana e encravada no seo doutra microbisbarra, “A Ribeira”, nome co que son designados os vales que descenden cara ó curso baixo do río Anllóns. Mesmo está na zona de contacto entre Soneira e Bergantiños, a medio camiño entre Nantón e A Ponteceso. Con respecto a Soneira hai certas diferencias lingüísticas apreciábeis xa nos primeiros contactos. A mais digna de facer notar é a ausencia de “seseo”. De paso recordemos que tamén a fala de Eduardo Pondal era tamén, en síntese, a da

<sup>3</sup> Bamiro, coa referencia C-22, foi enclave pró estudio da lingua de Soneira no Atlas Lingüístico de Galicia.

<sup>4</sup> Pra este curioso caso remito ó meu traballo “*Bamiro. Estudio dun hábitat rural galego*”, de recente publicación (Colexio de Arquitectos de Galicia, Santiago 1977).

<sup>5</sup> José Lucas Labrada, *Descripción económica del Reino de Galicia*, 2.<sup>a</sup> ed. Galaxia, Vigo 1971, páx. 166.




FIGURA 3. — ESQUEMA XERAL DO BATÁN

A) A mesa do batán. B) a Pía. C) A cravilla. D) As almancas. E) As manlles.  
 F) O rodicio ou roda do batán. G) As penas. H) O eixe. I) As elevadoras. K) A  
 canle. L) As zapatas das almancas. t) Trabes.

“Ribeira do Anllóns”, na imposibilidade de que abarcase todo o extenso e dispar Bergantiños. O señor Evaristo veu vivir prá casa dos pais da súa muller, “casou pra fóra”, levando logo moitos anos no Mosquetín. O inicial impedimento de non nacer no mesmo lugar obxecto do estudio non ten porque ser excesivamente importante cando se trata de fixarse na denominación das partes dun aparello único e autóctono, de fonda e antiga raiceira secular. Naturalmente, hai que pensar que os nomes das distintas partes do batán tiveron que lle ser comunicadas fielmente á súa chegada ó medio polos proxenitores da súa cónxugue. Os posibles cambios que el poidese introducir terían de ser mínimos, xa que a nomenclatura, tan inédita e especial, non se presta fácilmente ás modificacións. Por outra parte, nos términos conflitivos (os de “seseo”/“ceceo”) será respetada a tendencia sesetante dos habitantes da zona<sup>6</sup>, anque non fora observada no informante.

### *Certa historia documentada*

A historia destes batáns —tres son os que actualmente subsisten, debaixo dun mesmo teito— sería unha fiel contabilización da importancia que acadou, aínda en tempos moi achegados a nós, pra unha extensísima zona da Fisterra galega, do Occidente de Galicia. No Antigo Réxime xa o ilustrado economista galego, Xosé Lucas Labrada, facía mención da tríada co adaxo de ser unha importante industria das Terras de Soneira e Vimianzo. “Hai uns vinte tecedores de liño do país —traduzo literalmente do seu libro<sup>7</sup>— e tres batáns onde se preparan as lans con que se visten os naturais destas terras”. O feito de que Labrada se pare en prestar especial atención ás industrias de batán que ten noticia, revela a gran importancia destes artefactos de inxeñería rural pró normal desenvolvemento da vida cotiá galega no Antigo Réxime. Na súa obra tamén son dignos de atención o cultivo e a preparación do liño galego, así como tamén a da seda e a do cánibo entre outros, demostrando que tiñan que ser insustituíbles no desenvolvemento normal da primaria vida do noso agro, afeitada ó autoconsumo e á autosubsistencia deica mesmo os nosos días. Por outra banda, non hai que deixar de sinalar que por aqueles derradeiros anos do Século das Luces, estes estudiosos da situación da economía de Galicia —sobre todo o multicitado Labrada, pro tamén Xosé Cornide— salientan as zonas de Bergantiños e Soneira como as mais ricas en trigo, mais tamén en millo e, sobre todo, en liño de moi boa calidade, do que se adoitaba “traerse fiada á Coruña cantidade abonda”<sup>8</sup>.

### *Os actuais batáns*

Frente ás casas do Mosquetín e mesmo a carón do río, entre abeneiros e gamallos, obsérvanse unhas baixas e modestas arquitecturas arcaicas —rebo, cachotes e barro; paredes sen rachear— que cobillan muíños e batáns. Tamén os muíños de auga son interesantes aparellos etnográficos que ac-

<sup>6</sup> Caracteres xerais da lingua de Soneira: ALG, C-22.

<sup>7</sup> Obra citada. Páxinas 55 e 88.

<sup>8</sup> Obra citada. Páxina 88.



tualmente se atopan en alarmante regresión (a adquisición dun eléctrico polos labregos que poden facelo, ocasiona o abandono da meirande parte deles: edras e silveiras devoran inmediatamente as estartaladas paredes dos xa moitos que, cos tellados fundidos, están quedando abandonados ás beiras dos ríos e regachos) pro aínda hoxe son relativamente abundantes por Galicia adiante.

Xa adiantara nun primeiro intre a función primordial do batán: deixar ben mazados —hastra formar un tupido e resistente feltro— os tecidos e mailas mantas que saen do tear.

Están construídos dunha madeira moi forte e resistente, sen que se precise nin un cravo nos axuntes das súas pezas: apértanse éstas unhas ás outras a presión, contando co únicos auxilios de cuñas, tornos e pescuños de madeira.

#### *A mecánica do batán (funcionamiento)*

Sobre unhas longas e resistentes trabes (t) érguese a *mesa do batán* [a mészə ðə βətán] (A) que deixa abrir pola parte central unha cavidade —a *pía* [a píə] (B)— onde se colocan as mantas ou os tecidos pra ser mazados. Pendurados dunhas *cravillas* [as kreβíyēs] (C), apousadas nun sistema de postes artellados na parte superior (Figura 3), baixan dous longos madeiros, *as almancas* [as-almánkēs] (D), que terman, pola parte inferior, de cadanseu cepo prismático, de madeira tamén, chamados *as manlles* [az mǎñyēs] (E), truncadas por un plano inclinado apuntando á parte en contacto coa pía. As cravillas funcionan a xeito de bisagras das almancas, que van oscilar coma péndulos, en armoniosa alternancia. A forza acadada pola caída alterna de cada unha destas pesadas manlles xemeas, efectúa o traballo de mazar ben o pano hastra conglomeralo coma compre.

A forza motriz capaz de ergue-los cepos ven dada pola “enerxía hidráulica”. Dunha presa que con este propósito se construíra no leito do río a base de amontonar grande cachotes de pedra, xorde un brazo lateral que conduce as augas ás *canles* [as kánlēs] (K) dos muíños e dos batáns. Este brazo artificial desprendido do cauce fluvial recibe o nome de *a gabada* [a habáðe]<sup>9</sup>. As “turbinas” duns e doutros son uns “rodicios” ou rodas contorneadas por un rosario de paletas cuncas de madeira —*as penas* [as péñēs] (G)— que reciben o chorro violento da auga que se precipita en abanqueiro dende o extremo das canles. Mentres que o rodicio do muíño vai horizontal ó leito da gabada, por debaixo do tremiñado ou chan do edificio, o do batán atópase dentro e colócase verticalmente —*rodicio ou roda do batán* [rəðísjə], [rəðe ðə βətán] (F)—, adosado a un dos extremos do groso *eixe* [ə éjše] (H)<sup>10</sup> que vai atravesado pola súa parte central por dous anchos e agresivos tablóns —*as elevadoras* [as-eləβeðores] (I)— que presentan en perspectiva lateral un perfil en aspa anque, realmente, están en distinto plano, lixeiramente arredados un do outro. Cada brazo de cada

<sup>9</sup> A geadá da zona é, frecuentemente, [x], especialmente na xente “nova”. En xente “mais vella” [x] ou [h], dominando o segundo.

<sup>10</sup> O “x” despalatízase a mor parte das veces (/š/ ou /š/). Escasas veces é /š/.



tablón que soborsae do corpo do eixe, coincide coa prolongación inferior das almancas, por debaixo das manlles: as *zapatas das almancas* [a-šapátež đes-almánkeš] (L). O bater, sen pausa, da auga contra as penas imprime ó rodicio un potente movemento xiratorio, no sentido das agullas do reló, que fai move-lo eixe, e con el as elevadoras que baten —en veces alternas— na súa correspondente zapata, obrigando a que a manlle receptora do impacto se erga en aire pra despois caír con toda a súa forza contra a pía, mallando así o pano colocado nela. A outra manlle, que xa deu o bandazo, está nestes intres a termar dese pano no fondo da cavidade, agardando o seu novo turno. Deste xeito, a acción ten de ser continua e armoniosa, moi rápida, de retumbante espectáculo auditivo. Non hai mais que lembrar, senón, o medo que agarrara o Fidalgo da Mancha cando de aquela coñecida aventura.

### *Nomenclatura das partes secundarias*

#### a) O eixe (Figura 5)

O eixe é unha grande torada cilíndrica ou poligonal colocada en sentido horizontal, por debaixo das trabes que sosteñen a mesa do batán e mesmo diante desta. Espetados no centro matemático dos seus extremos soborsaan unhas barras de ferro, en pouco treito: *os beos* [ož bēčš] (h). Cada un deles está apousado en cadanseu madeiro, groso pro non moi longo: *as buxas* [až búsēš] (i), incrustados no chan, que está a nivel das trabes que terman da mesa.

Un tercio do eixe queda fóra do espacio frontal da mesa. É o da parte esquerda. Nel está o rodicio (F), unido ó eixe radialmente por dous paus perpendiculares entre sí (*as rellas*: Fig. 8).

Os dous tercios restantes corresponden ó espacio dominado polo frente da mesa, por onde van oscila-las almancas. Desta parte central do eixe brotan as elevadoras que obrigan a ergue-los pesados cepos ó mallaren nas zapatas de aquelas.

#### b) O rodicio (Figura 8)

Nesa roda colocada verticalmente no extremo esquerdo do eixe adósase o rosario das doce penas. Catro *cambas* [kámbeš] (k) “machihembradas” entre si dan feitura á roda. A xeito de diámetros do rodicio, dous longos barrotes, *as rellas* [a-réyeš] (l), atravesan e unen os centros dunha camba co eixe e co da camba oposta. Estas rellas dividen a roda en cuadrantes; en cada un destes cuadrantes —formado pola unión de dúas medias cambas— van adosadas tres penas.

Como xa dixera mais atrás, o sistema formado polo eixe e mailo rodicio sitúase nun plano inferior ó do resto do batán (o que depende da mesa), por debaixo das trabes, suspendidos en aire sobre o espácio dunha ampla oquedade aberta pola parte de diante. A mesa está a nivel do chan, o eixe nun plano inferior, nesa oquedade onde a auga se precipita.





FIGURA 6. — A MESA

a) Porte da mesa. b) Tirador. c) Traveso. d) Xugo. e) Colucón. f) Forno.





F:




FIGURA 8. — O RODICIO

g) Pescuños. k) Cambas.

c) *A mesa do batán* (Figuras 6 e 7)

É todo ese conxunto que desempeña un papel pasivo. Pro a mesa propiamente dita (A), formada por grosas pezas de madeira resistente rexamente apertadas unhas ás outras, deixa abrir pola parte dianteira que mira ó eixe un recipiente cóncavo chamado "a pía" (B), da mesma anchura cás dúas manlles xuntas, xa que as debe cobillar. No fondo da pía vanse poñer mantas: mentres que unha das manlles dá a potente petada, a outra terma dela pra que non escorra, esperando a súa vez (Figura 4).

*Os postes da mesa* [oš pōštəz đə mēsə] (a) son catro táboas verticais, incrustadas a presión pola parte de diante e de atrás da mesa. Son as que sosteñen a parte superior, onde se atopan as bisagras das almancas.

*Os tiradores* [oš tirəđōrəš] (b) son outros postes de sostén, colocados sobre os citados anteriormente, que unen postes do mesmo lado. Son eles os que sosteñen *os travesos* [os trəbēsōš] (c), que unen os tiradores. Sobre aqueles van *os xugos* [oš šúhçš] (d), tablóns mais grosos e mais cortos tamén, cunha abertura rectangular na parte central que deixa paso ós extremos superiores das almancas, que se apouan, por medio dunha táboa pequena que as cruza (a cravilla, da que xa se falou), sobre dous *coloucóns* [oš kəļəukōŋš] (e), situados a cada lado da devandita abertura.

d) *Accesorios nos axustes das pezas*

Como non se permiten os cravos nin as puntas, as distintas pezas teñen que ir axustadas perfectamente unhas ás outras, a presión. Pra axudar a isto hai que recurrir, ás veces, á axuda dos *tornos* [tōrnçš] (f), especie de cuñas de madeira con que se apertan ben os xugos ós tiradores; *os pescuños* [ošpeškúŋçš] (g) que apertan as almancas ó pasaren polo interior das manlles, do mesmo xeito que as rellas no rodicio.

e) *Aparellos accesorios exentos do conxunto*

A *cana* [a kánə] (ñ) conséguese ó excavar cóncavamente hastra deixar unha canle, un longo e estreito toro dun piñeiro novo. Serve pra conducir a auga dende o exterior do edificio do batán, dende a gabada, á pía da mesa, a onde chega por un buratiño (o) aberto pola parede lateral dereita da mesa. Deste xeito a manta vaise regando e empapando de auga como é de rigor, a medida que vai sendo mazada polas manlles.

Fóra do edificio, ó empezo da canle que se inclina en pendente cara ás penas do rodicio, hai unha *comporta* [kōmpōrte] (m) de madeira que regula a entrada da auga na canle de conducción ás penas. Manéxase dende dentro cun longo varal chamado *a pa* [a pá] (n).




FIGURA 9. — ACCESORIOS

m) A comporta. n) A pa. ñ) A cana. o) Buratiño de entrada da auga na mesa.